



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 20 DE FEBREIRO DE 2017 POLA QUE SE MODIFICA O ARTIGO 5º DA RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 2 DE XUÑO DE 2016 POLA QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Mediante a Resolución da Xerencia do 2 de xuño de 2016 regulouse o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña conforme aos principios de publicidade, mérito e capacidade.

Coa experiencia na aplicación desta norma e coa vontade de mellorar a prestación do servizo dos centros e unidades administrativas desta universidade, procede modificar o precepto que regula a denominada “mellora de emprego”, polo que unha vez sometida a súa negociación cos órganos de negociación do persoal de Administración e servizos da Universidade da Coruña e de acordo coa delegacións establecidas na Resolución Reitoral do 12 de xaneiro de 2016,

RESOLVO

Modificar o artigo 5º da Resolución da Xerencia do 2 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, que queda redactado do seguinte xeito:

"Artigo 5º Supostos de mellora de emprego.

A renuncia a un posto de traballo suporá a retirada da correspondente listaxe de agarda, agás que o traballador/a se acolla a unha mellora de emprego.

Terá a consideración de mellora de emprego:

a) O acceso a unha vacante na mesma lista, sempre que non se estea ocupando outra vacante, agás por razón de cambio de campus ou de quenda.

b) O acceso a un posto, vacante ou non, de distinta lista, en distinta Administración ou nunha empresa privada.

Nestes supostos, logo de rematar a dita relación laboral, para volver a estar dispoñible de novo na lista de agarda e participar en todos os chamamentos que



corresponda, o/a interesado/a deberao comunicar no prazo de 10 días hábiles ao Servizo de PAS, xustificándoo documentalmente.

c) O acceso a un posto clasificado de nivel ou grupo superior.

d) O acceso a unha interinidade cunha duración prevista de máis de 180 días, sempre que se leve máis de seis meses no posto actual na Universidade da Coruña. Non se ofertará esta interinidade ao persoal interino que ocupe un posto vacante.

e) O acceso a un posto en distinto campus; é dicir, do da Coruña ao de Ferrol ou viceversa, dunha interinidade cunha duración prevista de máis de 180 días, sempre que na solicitude xa pedise os dous campus.

f) O acceso a un posto en distinta quenda de traballo; sempre que medie unha solicitude previa.

Non se ofertarán para mellora de emprego as interinidades denominadas “por acumulación de tarefas” (artigo 23.2.d da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).”

Terceira. Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no taboleiro electrónico da UDC.

A Coruña, 20 de febreiro de 2017

O xerente,



Ramón del Valle López